

# Artigo sobre María Victoria Moreno

Artigo de María Xosé Porteiro sobre María Victoria Moreno.  
Fonte: *La Voz de Galicia* o 26 de agosto de 1996



**Consello da Cultura Galega**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

# ARRA URR UU TT LL UU CC

La voz de Galicia

Año II-Nº 78



22 de agosto de 1996



MARÍA VICTORIA MORENO

## «EU ESTOU SEMPRE COS PERDEDORES»

MARÍA XOSÉ PORTEIRO

Cando a miña cadela y máis eu chegamos a Campolongo polas tardes, axiña comezas a oír ós meus amigos desde detrás das árbores que a chaman: ¡Alma, Alma!; e logo teño unha conta corrente no quiosco e invítosos e non gastan moito diñeiro. O outro día mandei a cinco mercar uns xelados, porque eu xa non tiña folgos para chegar, e a quiosqueira que sabe que son os meus amigos, asombrouse porque non gastaran a penas nada; andan entre os nove e os doce anos e cando escribo penso neles porque con eles se está moi ben. Unha vez saíñ ceitar cunhas mozas que entre as dúas non sumaban 23 anos, e unha pedíume que non chegasemos cedo á casa, así que avisei á nai e fomos a un *chino* e estivemos tomando un xelado; facendo tempo para que o perdesen na rúa». María Victoria Moreno conta estes episodios coa forza dunha fervenza. Se consegués esquecer que é unha docta profesora de Literatura, poderías imaxinar que estás a falar cunha rapaza que non fixo aínda os doce anos; só a profundidade das súas reflexións quitan do erro á interlocutora que se deixa prender na fantasía. É a autora que máis vende na literatura para rapaces. Un éxito que fai superar os 30.000 exemplares de *Anagnórise* (1988) aínda que ela se sente máis satisfeita de *Leonardo e os fontaneiros* (1986): «con este libro levei o terceiro premio de O Barco de Vapor pero eu sei que foi o mellor. O día que vas recoller o premio vas cun cabreo de morte, pero a satisfacción espiritual é maior cando ves o xurado. Vai pola oitava edición e ós nenos gústalles. Eu penso que é mellor que *Anagnórise*».

Sobre a mitificación do éxito na nosa sociedade, reflexiona: «Calquera membro da familia Flores e máis importante ca un escritor galego. A min gústanme a primavera e o outono..., camñar a modo, e isto no é o éxito; nin me gusta

nos demais nin o quero para min. Eu estou sempre cos perdedores, non me arrimeei a xente con éxito. Quero vivir en paz co mundo e coa xente que o habita; agora son vella pero na vida tomei a actitude barojiana de saber que o mundo é cruel, inxusto; que hai seres privados de todo, pero é moi grande, e o máis que podes intentar é que se faga a xustiza no pequeno círculo no que ti estás, e tes que resignarte e dicir: ata aquí é onde chego eu...». Malia ter pasado por momentos moi duros na súa vida, María Victoria busca o lado positivo das cousas: «Anthony Demelo, teólogo xesuíta formado no pensamento hindú, aconsella para facer fronte ás situacións difíciles que fagas o esforzo mental de imaxinalas no pasado. Atenuáanse as aristas. A vida por principio é bonita, fermosísima, adorable». Como adorable é *Alma*, a súa cadela: «chámase así en honor a outra que me morreu e a todos aqueles animais que son maltratados. O sufrimento desfaiame, sobre todo pola impotencia».

Cacereña de orixe, comezou a escribir en galego logo de gañar o primeiro premio dos Jogos Florais de Guimarães en 1971, e o premio Café Gijón, con obras en castelán. Ó regreso a Pontevedra, o xornalista José Luis Adrio preguntoulle en que estaba a traballar; ela inventou a resposta sobre a marcha: «estou a facer unha novela para rapaces en galego», e quedou atrapada polas súas propias palabras porque «uns días despois soñei todo *Mar adiante* (conxunto de relatos editado en 1973) e nas vacacións de Nadal escribino. Soñeiño enteiro coa oportunidade de que antes de esquecer o soño viñeron as vacacións». Ante esa aparente coincidencia afirma que «non hai casualidades, a vida é como un billar onde as carambolas están meditadísimas. As veces páreceno. Pode acontecer que perdes o tren e coñeces na cafetería ó amor da túa vida. Vivimos inocentemente porque non o sabemos».